

# PARTE I – A CHAMADA QUE NON DEBÍA EXISTIR

A tarde caera lenta sobre un pequeno barrio de Carnota. As nubes baixas trouxeran chuvia ao barrio, e o son monótono das pingas contra o cristal acompañaba a Carmen mentres remataba o último exercicio de Matemáticas. Cando rematou quedou mirando por un anaco o caderno. Estaba satisfeita consigo mesma pois fixera ben todos os exercicios, antes de pechar o caderno mirou eses remuíños que debuxaba desde cativa de forma case involuntaria, de forma autómatas. Finalmente pechou o caderno cando de repente o teléfono fixo do corredor comezou a soar.

Isto xa lle pareceu estraño, pois na casa todos usaban móbil, excepto os avós, que nunca chamaban a esa hora. Aínda así, levantouse con certa inquietude e colleu o teléfono.

—¿Diga?

Ao outro lado non se escoitaba nada. Nin respiración, nin ruído. Só un zumbido metálico, coma unha se houbese interferencia continúa.

—¿Hai alguén aí? —insistiu Carmen, cada vez máis tensa.

Estivo a piques de colgar cando, de improviso, unha voz grave, metálica, case distorsionada, susurrou:

—*Non vaias mañá ao monte Pinto... Non estás preparada.*

Uxía sentiu que se lle apertaba o peito.

—¿Quen fala? —preguntou, intentando que a voz non lle tremese.

Non obtivo resposta. O teléfono cortou de golpe, como se alguén colgase de súpeto.

Quedou inmóbil no escuro corredor, escoitando só o latexo acelerado do seu corazón. Ao día seguinte tiñan excursión co instituto ao monte Pinto, o profesor de Xeografía prometera ensinalles varios restos arqueolóxicos e falar da fauna local. Era imposible que alguén de fóra o soubese.

De pronto, o teléfono volveu soar. Un único ton, seco e rápido. Carmen correu para collelo, pero cando o fixo, ao outro lado xa non había nada. Nin sequera o zumbido, colgaran de novo.

A luz do corredor pestanexou unha vez. Despois quedou fixa.

Carmen tragou saliva e marchou correndo ao seu cuarto, sentíase confusa e non entendía nada. Ademais atopábase soa na casa e iso facía que tivera aínda máis medo, por sorte aos dez minutos chegou súa nai. Sin embargo a sensación de inquietude seguiu con ela o resto do día. Tiña a sensación de que algo non ía ben.

—*PARTE I remata aquí*—